

CO₂RUÑA

OBXECTIVO 1.500 NOVAS ÁRBORES



NÚMERO 18

EDITA: ÁREA DE MEDIO AMBIENTE
DO CONCELLO DA CORUÑA

BOLETÍN DIXITAL DE EDUCACIÓN AMBIENTAL
DA **ÁREA DE MEDIO AMBIENTE**

CONCELLO DA CORUÑA



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña



A CAMPAÑA CORUÑA VIVA + NATURAL + SAUDABLE + COMPROMETIDA CULMINARÁ COA PLANTACIÓN DE 1500 NOVAS ÁRBORES ANTES DO FINAL DO ANO 2018

Esta campaña, que xa está en marcha, arroxa neste ano 2017 un saldo na cidade de 541 novos exemplares, número que se incrementará ata 700 a principios do 2018. Só é o principio. Nesta carreira pola sustentabilidade e mellora da calidade da nosa cidade, co propósito de alcanzar os cocientes que propoñen as organizacións conservacionistas e da saúde do Planeta, non hai un minuto que perder. Por esa razón as árbores plantadas son, en palabras da propia concelleira: «adultos, xa grandes, na súa maioría de máis de 2 metros». A propia edil municipal declarou tamén con outro aspecto crave deste traballo o que “Queremos implicar á cidadanía xa que todos somos necesarios no coidado e respecto destas especies vexetais para poder alcanzar o obxectivo”. Con este ánimo participativo e divulgativo da campaña, as árbores lucirán notas informativas cos beneficios que achegan. Haberá contadores en varios puntos da cidade para indica o avance das plantacións e, ademais, na praza de Ourense, o Goberno local prevé instalar un marcador electrónico onde se actualizarán os datos sobre o número de árbores. De momento, os primeiros barrios agraciados foron zonas como Novo Mesoiro, Eirís, Monte Alto e o Barrio das Flores. Agora estase desenvolvendo a segunda fase do proceso nos Rosais, Oza e O Ventorrillo así como os arredores de Pablo Picasso. Durante este final de ano, ademais destes novos exemplares, o Concello prevé repoñer 200 árbores deterioradas en 61 rúas da cidade.



Ti tamén podes podes podes plantar unha árbore. Se dispós dun terreo axeitado, anímate, estamos na mellor época do ano.

Pequeno manual do plantabosques

1. O burato, ten que ter, como mínimo, a mesma profundidade que altura do plantón, contando co recipiente. Separa, por unha banda, a primeira terra superficial, de cor máis escura e rica en nutrientes, e, por outra banda, a terra máis profunda, de cor máis clara. Se atopas algunha pedra, apártala tamén.



3. Xa por último, remata de encher o burato co resto da terra. Procura que a terra penetre ben nas raíces e vaina compactando lixeiramente ao seu redor.



2. Remove a terra do fondo do burato, facendo así a cama do carballo máis cómoda. Bota primeiro a terra de cor escura e mete o plantón no oco ben dereito. É moi importante calcular o nivel da plantación. O colo da árbore deberá quedar a rentes da terra. Trátase de plantalo, non de enterralo.



4. Listo! Pisa a terra da superficie e comproba que a árbore quedou ben suxeito e dereito. Noraboa polo traballo. Agora tócalle á natureza seguir o seu curso.



REFORZOS NA RECOLLIDA DE RESIDUOS

A Concellería de Medio Ambiente (A Coruña Sostible) volverá reforzar os vindeiros días 2 e 6 de xaneiro a recollida de residuos ante o aumento derivado das celebracións destas datas. Na xornada do día 26 de decembro os servizos municipais recolleron na cidade 338.180 quilos de material inorgánico, 82.240 quilos de residuos orgánicos e 16.040 quilos de papel e cartón, nunha xornada na que os recursos se reforzaron, sumando aos 25 camións que prestan habitualmente o servizo 12 vehículos máis, en concreto 1 camiión grúa para reforzar a recollida de papel/cartón, 4 camiións compactadores de caixa única para reforzar a recollida de fracción inorgánica e 7 compactadores bicompartimentados para reforzar a recollida das fraccións orgánica e inorgánica.

Na xornada do día 26 de decembro os servizos municipais recolleron na cidade...

338.180
quilos
de material
inorgánico

82.240
quilos
de residuos
orgánicos

16.040
quilos
de papel e
cartón

Ademais, ata o 8 de xaneiro, o Concello mantén operativos os dispositivos de reforzo de Nadal, con servizos especiais que inclúen a recollida de residuos orgánicos e inorgánicos da hostalería nas zonas de maior concentración de locais, como é o centro da cidade, con recollida selectiva de vidro porta a porta, e unha campaña intensiva para o papel e cartón do comercio que abrangue a zona centro, San Andrés e Juan Flórez, a zona dos Mallos e Ángel Senra, a rúa Barcelona, e a contorna de Catro Camiños e A Gaiteira.

TAMEN NESTAS FESTAS...

REDUCE REUTILIZA RECICLA

MASCOTAS E NADAL

Nestas datas de Nadal é moi habitual o obsequio de animais. Os días nos que o intercambio de agasallos é máis notorio (o día do Nadal e o de Reis) en moitos fogares aparecerá un novo presente para todos os da casa. Ao entusiasmo e as grazas iniciais sucederán anos de grandes alegrías e tamén de obrigacións cotiás.

Os académicos da lingua definen a unha mascota como un animal de compañía. Algo tan importante como a amizade e a compañía, por desgraza, foise banalizando no caso dos animais e en moitos casos, para moitos irresponsables, estes convertéronse nun ben de consumo máis, sen outras consideracións. Por esta razón cada ano chegan ás instalacións municipais un bo número de cans (sobre todo) que esperan unha segunda oportunidade despois de ir a parar a un domicilio onde non corresponderon a súa extraordinaria xenerosidade.

A información sobre a adopción podes atopala en:

<http://www.coruna.gal/adopcion>

Dunha web especializada en adopcións recompilamos catro breves consellos para que reflexións sobre eles se tomas a estupenda decisión de adoptar un can dun centro de acollida:

1. Establecer unha rutina diaria tan pronto como che sexa posible favorecerá moito a súa inserción nos hábitos cotiás do seu novo fogar.

2. Elixir un horario específico para que coma, durma e faga exercicio é unha práctica moi, moi recomendable.

3. Cando presentes ao teu can a persoas descoñecidas, asegúrate de facelo gradualmente. Se é posible, limita estas ocasións a non máis de dúas persoas novas en cada presentación. Lembra que a súa vida pasada non foi tan fácil como a doutros cans queridos.

4. O teu can ten que poder ulir ás persoas antes de que estas quéirano acariñar, por tanto asegúrate de vixialo ata que esteas convencido de que non senta ameazado. Estas rutinas son máis importantes neste tipo de mascotas que proceden de contornas descoñecidas ou que foron vítimas, en moitos casos, de malos tratos ou de descoidos intencionados.

O resto de medidas son moi fáciles e son as que fortalecen un fogar: agarimo, comprensión, vixiar a súa saúde, disciplina e caricias, moitas caricias...



CO₂RUÑA

www.coruna.es/medioambiente

síguenos en:



C02Coruña



@C02Coruna

@airecoruna

@CorunaSostible

Para más información sobre os
Programas de Educación Ambiental

981 903 834
educacionambiental@coruna.es



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

